

NOVA NORMATIVA XOGO DA RIFA

Definición: Sorteio dun ou varios bens e servizos previamente determinados entre distintas persoas que previamente adquirisen papeletas ou billetes.

Requisitos:

- O importe de cada papeleta ou billete debe ser o mesmo
- O importe total das papeletas ou billetes emitidos debe ser, como mínimo, igual ao valor dos bens ou servizos sorteados
- As papeletas ou billetes deberán estar numerados correlativamente ou diferenciados entre si de calquera outra forma
- Os premios non poderán consistir en diñeiro en metálico nin poderán ser substituídos por diñeiro

Características especiais:

- Cando os números premiados das rifas se fagan coincidir cos números correspondentes a sorteos da ONCE ou SLAE, o número de papeletas ou billetes deberá ser como mínimo igual ao dunha serie das fixadas nos ditos sorteos.
- O número premiado poderá ser o que resulte dun sorteo específico realizado de forma pública e transparente ou que coincida co que resulte doutro sorteo autorizado pola Administración autonómica ou estatal.

Procedemento:

- Autorización administrativa:

Documentación a presentar

a) Solicitud modelo PR 307B presentada con 30 días de antelación á data de inicio de venda ou distribución das papeletas e na que constarán os seguintes datos:

1. Identificación do solicitante
2. Data de realización do sorteo
3. Número de características das papeletas con indicación do seu importe unitario
4. Ámbito territorial
5. Relación detallada dos premios, con expresión do seu valor e a forma de adxudicación aos gañadores así como o lugar onde se atopen os bens mobles. No caso de bens inmoables, indicárase a situación do premio, os seus límites, a extensión, as cargas e os datos rexistrados, así como tamén a forma de entrega do premio e calquera tipo de gastos que deba satisfacer a persoa gañadora. No caso de viaxes, deberá especificar os servizos que se inclúen. No caso de vehículos, deberá indicarse a quen corresponde o pago do Imposto especial sobre determinados medios de transporte ou calquera outro tipo de tributo que sexa de aplicación.
6. O lugar onde se vai realizar o sorteo
7. O destino dos beneficios obtidos para a realización da rifa

8. A relación detallada das persoas designadas para vender as papeletas coa indicación do sexo de cada unha delas

- b) Bases do sorteo asinadas e depositadas ante notario
- c) Factura proforma dos premios
- d) Documentación acreditativa da representación do solicitante
- e) Copia da rifa
- f) Xustificante do pago da taxa administrativa
- g) Copia da documentación que acredite a titularidade por parte da persoa organizadora dos premios que se van sortear ou o documento acreditativo da constitución da garantía pola contía do seu valor.

PRAZO DE RESOLUCIÓN - 15 DÍAS

SENTIDO DO SILENCIO – NEGATIVO

ENTRADA EN VIGOR DA REGULACIÓN – 06.10.2023